

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
JGL/2026/24	A Xunta de Goberno Local

María Jesús Rodríguez Freire, EN CALIDADE DE SECRETARIA DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 22 de xuño de 2026 se adoptou o seguinte acordo:

"Expediente 160/2026. Subvencións Directas ou Nominativas A SOCIEDADE CAZA CAZARCO.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES

1º) As Bases 58ª e seguintes de execución do Orzamento de 2026 e o Anexo de Subvencións Municipais incluído no mesmo se contempla, dentro da **aplicación orzamentaria 341.480**, as subvencións nominativas para realización de actividades deportivas.

2º) A SOCIEDADE CAZA CAZARCO presentou solicitude de subvención polo concepto de actividades deportivas: Actividades de tiro con arco.

Visto que todas as solicitudes presentadas valoráronse por igual, de utilidade pública e interese social, cultural ou deportivo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros, en virtude das competencias delegadas polo Sr. Alcalde por Decreto da Alcaldía nº 2023-0412 de data 26 de xuño de 2023, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Conceder a seguinte subvención nominativa:



ASOCIACIÓN	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	PARTID A
SOCIEDADE CAZARCO	CAZA Actividades de tiro con arco	1.050,00 €	341.480

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde para o asinamento dos correspondentes Convenios coas distintas asociacións.

TERCEIRO. O prazo de xustificación destas subvencións será o establecido no Convenio.

CUARTO. A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, co límite de que a suma de todas elas non poderá superar en ningún caso o custo total da actividade subvencionada."

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

